

Informe sobre as propostas e o traballo desenvolvido pola CTNL no grupo de traballo para a creación da Rede de Dinamización Lingüística Local da SXPL

Introdución

A Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) convidou a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), en xuño de 2009, a participar nun grupo de traballo para a constitución dunha Rede de Dinamización Lingüística. Ese grupo de traballo –composto por catro representantes da SXPL, dous representantes da CTNL e catro técnicos/as de normalización nomeados/as pola SXPL– sería o encargado de facerlle á SXPL unha proposta sobre os criterios, obxectivos, funcións e estrutura desa futura Rede.

Ante a proposta, desde a CTNL insistíuse en que a prioridade debe ser a constitución dun consorcio, pois é a única maneira de termos un organismo interadministrativo real, que poida dotarse de persoal multidisciplinar para a planificación lingüística e que permite a creación de servizos de normalización lingüística comarcais coa participación das distintas administracións.

A non constitución dese consorcio só se pode achacar a criterios políticos, e en ningún caso técnicos nin económicos, pois as diferentes propostas feitas pola CTNL arredor dese organismo sempre se basearon en que tecnicamente era a mellor opción e economicamente supuña rendibilizar os recursos que na actualidade xa se lle dedican á normalización lingüística desde as diferentes administracións.

Aínda así, e ante a negativa da SXPL de impulsar a constitución dun consorcio, desde a CTNL defendéronse nese grupo de traballo unha serie de cuestións básicas que a SXPL



debería ter en conta para a posta en marcha desa Rede, vista pola CTNL como un primeiro paso.

En primeiro lugar, desde a CTNL expúxose que, antes de nada, había que reformular por completo a convocatoria de subvencións para a creación e mantemento de servizos de normalización lingüística das administracións locais, pois esa orde de subverncións tiña que ser a ferramenta inicial que servise para crear e estabilizar unidades técnicas distribuídas por todo o territorio que planificasen e executasen medidas a prol do aumento do uso e do prestixio do idioma en todos os ámbitos da sociedade.

En segundo lugar, e ante as propostas e posturas da SXPL para a creación desa Rede, defendéronse unha serie de cuestións básicas concretas relativas a ese posíbel futuro organismo.

Propostas para a mellora da promoción e impulso dos SNL desde a Xunta de Galicia a partir da orde de subvencións para a normalización lingüística desde as administracións locais

Desde a CTNL expúxose que, previamente á creación dunha rede, era necesario mellorar a situación xeral dos SNL, principalmente no que se refire á súa estabilización e á súa distribución xeográfica.

Polo tanto, a CTNL defendeu unha serie de propostas xerais para a mellora da promoción e impulso dos SNL desde a Xunta de Galicia, a través dunha reforma da liña de axudas de xeito que esta potencie a ordenación xeográfica e a estabilidade duns SNL que teñan como obxectivo o incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais.

- ✓ **QUE A CONVOCATORIA CUBRISE UN ANO ENTEIRO E SE PUBLICASE CON SUFICIENTE ANTELACIÓN:** cómpre termos presente que as convocatorias adoitan publicarse no mes de maio ou de xuño e a resolución adoita publicarse no mes de setembro ou outubro. En 2008, por exemplo, publicouse a orde no *DOG* do 24 de xuño e a resolución no do 13 de outubro, mentres que a xustificación dos gastos ten que estar presentada o día 31 de outubro. Isto é, os concellos souberon a cantidade adxudicada menos de 20 días antes de que tiveran que xustificala, tempo no que, loxicamente, non é posíbel realizar ningunha acción minimamente planificada. As principais eivas neste aspecto até agora foron, por tanto, a tardanza da convocatoria, a tardanza da resolución e o breve prazo de tempo para a xustificación, unhas eivas que ten denunciado reiteradamente a CTNL a través de diferentes canles. Polo tanto, propúxose un novo modelo, no que os concellos saiban xa desde comezos de ano con que axuda económica van contar por parte da Xunta para a normalización lingüística. Incluso indo máis aló, e tomando como referente o modelo da Deputación da Coruña¹, sería moi positivo que se crease un programa plurianual.

Tamén se propuxo, e así se acordou no grupo de traballo, que a orde de subvención debía cubrir as actividades dun ano enteiro, e non só desde comezos de ano até o fin do prazo de xustificación. Deste xeito, poderían ser obxecto de subvención aquelas accións realizadas desde novembro de 2009 e até finais de outubro de 2010. Finalmente, a convocatoria publicada sinala que poderán ser obxecto de subvención as actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2010.

No grupo de traballo acordouse tamén que a convocatoria correspondente a 2010 debería ser publicada entre decembro de 2009 e xaneiro de 2010, mais, finalmente, a SXPL non publicou a orde no *DOG* até o día 22 de abril de 2010.

¹ O modelo da Deputación da Coruña é trianual, de xeito que os concellos participantes saben con que axuda van contar ao longo de tres anos consecutivos.

- ✓ **SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA CO OBXECTIVO XERAL DE INCREMENTAR O USO E PRESTIXIO DA LINGUA GALEGA EN TODOS OS ÁMBITOS SOCIAIS E CON FUNCIÓNS CLARAMENTE DEFINIDAS:** as sucesivas convocatorias de subvencións até o de agora non sinalaban nin suficientemente nin convenientemente nin os obxectivos nin as funcións dos SNL. Desde a CTNL consideramos que o obxectivo principal dos SNL debe ser o de incrementar o uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais, para o que deben desenvolver accións de dinamización, formación e asesoramento lingüístico, mentres que as sucesivas convocatorias de subvencións só lle outorgaban funcións internas no ámbito administrativo e principalmente de corrección e tradución, non de dinamización nin de intervención social. Polo tanto, propúxose, así se acordou e así quedaron reflectidos na convocatoria publicada no *DOG* do 22/4/2010 os obxectivos e funcións dos SNL.

- ✓ **TÉCNICOS/AS SUPERIORES DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA COA CORRESPONDENTE CATEGORÍA LABORAL:** o único criterio que as diversas convocatorias de subvencións establecían para o persoal dos SNL era que fose licenciado en Filoloxía Galega ou equivalente, mais nada se dicía sobre a súa categoría laboral. Desde a CTNL consideramos que as prazas para o desenvolvemento do traballo en SNL deben ser ou estar para todos os efectos equiparadas ás prazas de funcionarios/as do grupo A1: doutores, licenciados/as, enxeñeiros/as, arquitectos/as ou equivalentes. Ademais, tamén consideramos que non hai ningunha titulación específica relacionada directamente co traballo en normalización lingüística, polo que o requisito para a creación de novos SNL debería ser estar en posesión do título de licenciado/a universitario/a ou equivalente, sen limitar ese título a unha licenciatura concreta e esixindo a avaliación dos coñecementos e capacidades específicas para o desenvolvemento das funcións concretas do SNL, pois ningunha titulación garante todos os coñecementos e capacidades necesarias.

Deste xeito, no grupo de traballo acordouse que, para a concesión de subvención, a actividade dos servizos lingüísticos locais deberá desenvolvela un/ha ou varios/as técnicos/as que posúa/n as seguintes titulacións:

a) Licenciatura de Filoloxía Galego-portuguesa, Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica (sección galego-portugués) ou outras titulacións superiores pertencentes á área de Humanidades ou de Ciencias Xurídicas e Sociais, sempre que estean en posesión do Certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5). Estes/as profesionais deberán ter a categoría profesional de licenciados/as.

b) No caso dos concellos que accedan á modalidade de mantemento creados con anterioridade ao ano 2007 poderán acceder á orde de subvencións aqueles que contén con persoal fixo que posúa a titulación de mestre con diploma de especialista en lingua galega ou co certificado do Curso Superior de linguaxe administrativa.

Ademais destes requirimentos de titulación, valoraranse os coñecementos en linguaxe administrativa, en sociolingüística e en dinamización social, así como as formacións de posgrao en planificación lingüística.

- ✓ **POSICIÓN ORGÁNICA DOS SNL PARA PODER INTERVIR TRANSVERSALMENTE:** para que desde os SNL se poidan desenvolver con efectividade as tarefas concretas, é fundamental que este estea inserido no organigrama da propia administración no lugar máis acaído atendendo ao principio de transversalidade. Isto é, o SNL debe estar no organigrama naquel lugar no que poida intervir con maior efectividade en todos os ámbitos, e/ou dependendo da estrutura política que teña maiores competencias para intervir transversalmente. Desde a CTNL propónse que os SNL locais dependan dunha concellaría específica de Política Lingüística con carácter transversal, da Alcaldía ou, de non poder ser

así, dunha concellaría con competencias en Política Lingüística compartida con outras materias de carácter transversal, co fin de poder intervenir en todos os ámbitos.

- ✓ **CRITERIOS CLARAMENTE DEFINIDOS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS:** un outro aspecto cuestionábel nas convocatorias e nas súas resolucións era a disparidade de reparto dos fondos: así, para o ano 2008 e no capítulo de creación de servizos, mentres algún concello recibiu 19.893 euros outros só 1.992 euros, cando para a creación dun SNL é imposible que poida haber tanta diferenza. E no capítulo de elaboración de campañas, aínda que aquí pode depender moito dos proxectos presentados, as diferenzas nas concesións tamén chamaron a atención. Esta disparidade debeuse, en gran parte, a que os criterios para decidir o reparto non estaban claros nin se especificaban convenientemente na convocatoria. Polo tanto, propúxose que na orde se utilicen un criterios xustos, transparentes e claramente definidos.

- ✓ **PROCURA DE ESTABILIZACIÓN DOS SNL:** dende o ano 2008 deixouse de colaborar no financiamento para manter servizos de normalización lingüística xa existentes nas administracións locais galegas, o que, debido á inestabilidade, á precariedade e á dependencia de subvencións destes departamentos, provocou a desaparición dalgúns SNL existentes en concellos galegos. A Xunta de Galicia, ademais de potenciar a creación de novos SNL, debe potenciar tamén a estabilización dos xa existentes.

Para isto, no grupo de traballo acordouse que na orde de subvencións houbera unha modalidade de creación (para a contratación de persoal técnico para concellos que non estean dotados con servizo lingüístico, é dicir, de persoal contratado para este fin, na data de publicación da orde) e outra de mantemento (para concellos co servizo en funcionamento na data de publicación da convocatoria). Os concellos

que na orde de subvencións se acollan á modalidade de creación de SNL non poderán volver a acceder á subvención nesa modalidade en futuras convocatorias.

- ✓ **PROCURA DUNHA MELLOR DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA E DEMOGRÁFICA DOS SNL:** un dos principais problemas derivados das anteriores convocatorias de axudas por parte da Xunta de Galicia é a falta de lóxica na distribución xeográfica e demográfica dos SNL. Na actualidade, derivado do programa de cooperación da Deputación da Coruña, nesta provincia hai arredor de 50 concellos con SNL, que son máis dos que hai nas outras tres provincias xuntas, polo que sería necesario fortalecer a situación desas outras tres provincias. Ademais disto, hai comarcas enteiras nas que non hai nin un só SNL. Polo tanto, propúxose que as axudas da Xunta sirvan tamén para ordenar este panorama, algo que se podería facer, por exemplo e entre outras cousas, primando a creación de SNL comarcais. Como paso previo á creación dunha rede de dinamización consideramos que é moi importante esta ordenación xeográfica e demográfica dos SNL.

Para isto, no grupo de traballo acordouse que á convocatoria de subvencións para a creación ou mantemento de SNL se prioricen as agrupacións de entidades locais que reúnan unha poboación igual ou superior a 3.000 habitantes. Na orde priorízanse os servizos de normalización compartidos por varios concellos.

- ✓ **NECESIDADE DUN CLARO INCREMENTO ECONÓMICO:** nos últimos anos a Xunta dedicoulle anualmente a axudas aos SNL locais arredor de 800.000 euros (con dúas partidas, unha duns 650.000 da SXPL e outra duns 150.000 da DXAL). Se ben desde a CTNL xa considerabamos esta cantidade moi limitada, para poder cumprir os obxectivos da nova orde de subvencións era requisito imprescindible un significativo aumento desta contía, tal e como se acordou no grupo de traballo.

Converter unhas axudas a uns servizos para a normalización lingüística no seo da administración local e sen criterios claros para a contratación de persoal nunhas axudas para a creación, mantemento e acción de servizos con capacidade de intervención en todos os ámbitos e sectores sociais e con persoal técnico do máis alto nivel administrativo só pode facerse cun aumento de recursos importante. Non incrementar significativamente esas contías significa que a orde de subvencións non poida cumprir cos seus obxectivos.

A pesar do acordo unánime do grupo de traballo da necesidade dun significativo aumento económico, que lle foi trasladado á SXPL, a partida orzamentaria para estas subvencións en 2010 é de 602.668 €, o que, lonxe dun incremento, supón unha **redución do 24,67%** con respecto á última convocatoria, de xuño de 2008 (*DOG* do 24 de xuño de 2008).

- ✓ **A “DINAMIZACIÓN” SÓ É UN MEDIO, A “NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA” É O FIN:** ante a teimosía da SXPL de deixar de utilizar a forma “normalización lingüística” en toda a convocatoria da subvencións e, en xeral, en toda a súa acción –incluso tamén no nome dos xa máis que asentados servizos de “normalización” lingüística (SNL)–, desde a CTNL defendemos a vixencia do termo “normalización”, o seu asentamento, a súa globalidade e a importancia de seguir utilizándoo.

A pesar da argumentación e insistencia da CTNL neste aspecto, a SXPL fixo desaparecer a forma “normalización lingüística” en todo o texto da convocatoria, aínda que a gran maioría de servizos se chaman e se seguirán a chamar “servizos de normalización lingüística (SNL)”. Aínda así, consideramos que as funcións dos SNL quedaron suficientemente definidas na convocatoria.

Propostas concretas relativas á creación da Rede de Dinamización Lingüística

En canto á posta en marcha da Rede de Dinamización Lingüística, e a maiores do xa sinalado no apartado anterior, desde a CTNL defendéronse, en resumo, as seguintes propostas e criterios básicos:

- ✓ **REDE DE ENTIDADES CON SERVIZOS TÉCNICOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:** desde a CTNL propúxose e defendeuse que da Rede só poidan formar parte as entidades que contan con persoal e departamento técnico de traballo en normalización lingüística. Non tería sentido crear unha rede de coordinación e de traballo horizontal e cooperativo para a promoción do uso do galego con entidades que non contan co persoal técnico que poida desenvolver ese traballo, que planifique, xestione e implemente as accións de cara ao incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais.

Aínda que na actualidade a porcentaxe de municipios que contan con SNL rolda o 20%, estes supoñen máis do 50% da poboación galega (ese 20% de municipios que teñen SNL contan cunha poboación aproximada de 1.500.000 de habitantes). Que unha parte máis ampla do territorio conte con servizos de normalización lingüística ten que ser unha das funcións principais da convocatoria de subvencións da Xunta para a súa creación nos concellos, na que se prioriza o agrupamento das entidades pequenas para a creación de SNL. Mais, para realmente acadar ese obxectivo, a SXPL deberíalle dedicar os recursos económicos necesarios, algo que non fai.

Para que a Rede sexa o máis ampla posíbel, cómpre ampliar o número de concellos con SNL, non incorporar nela todos os concellos que queiran sen cumpriren ese lóxico requisito mínimo.

A pretensión da SXPL é que da Rede poidan formar parte todas as entidades que queiran, sen outro requisito que o de querer entrar, e sen necesidade de contar con servizo técnico para a normalización lingüística.

- ✓ **REDE GLOBAL, NON SÓ DE ADMINISTRACIÓN LOCAL:** a proposta da CTNL desde o comezo foi que a Rede non fose só local, senón que dela formasen parte tamén outros organismos que traballan pola normalización lingüística ou que contan con departamentos técnicos para a normalización da lingua (Consello da Cultura Galega, Consello da Xuventude, universidades, etc.).

- ✓ **NECESIDADE DE PERSOAL TÉCNICO PARA A PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA E COORDINACIÓN NA REDE:** a Rede de Dinamización Lingüística debe contar con persoal técnico específico para a planificación e coordinación de accións. Sería moi difícil e non tería sentido pretender a coordinación de distintas entidades sen persoal técnico en normalización que planifique, xestione e coordine as accións.

A SXPL nada aclarou sobre se contratará persoal técnico específico abondo para traballar na planificación, xestión e coordinación da Rede.

- ✓ **XESTIÓN DA FORMACIÓN EN LINGUA DE PERSOAS ADULTAS:** en relación coa xestión da formación en lingua galega de persoas adultas por parte da Rede, desde a CTNL presentouse unha proposta para a mellora xeral dese sistema de formación en outubro de 2009 (http://www.ctnl.org/upload/des/179-a-proposta_ctnl_formacion_lingua_sxpl_09.pdf).

A SXPL non tivo en conta nin unha soa das propostas incluídas nese documento, propostas moi necesarias para pensar en incluír na Rede a xestión desa formación.

Datos do grupo de traballo

Composición

- Presidente: Valentín García Gómez. Técnico de normalización lingüística
- Secretaria: Edith Pazó. Asesora da Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Vogais:
 - Cristina Rubal. Subdirectora xeral de Planificación e Dinamización Lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística
 - María Xosé García Barallobre. Xefa de gabinete da Secretaría Xeral de Política Lingüística
 - Beatriz Corral. Asesora da Secretaría Xeral de Política Lingüística
 - Nel Vidal Barral. Representante da CTNL
 - Rosa Moreiras Cuñarro. Representante da CTNL
 - Conchi Cochón. Técnica de normalización lingüística
 - Dores Sánchez Alegre. Técnica de normalización lingüística
 - Celia Soto. Técnica de normalización lingüística

Xuntanzas desenvolvidas

En 2009 desenvolvéronse sete xuntanzas do grupo de traballo, que tiveron lugar nas seguintes datas: 29/6/2009; 8/7/2009; 22/7/2009; 8/9/2009; 23/9/2009; 6/10/2009 e 14/10/2009.

En 2010 tivo lugar unha única xuntanza, o 21/4/2010, máis de seis meses despois da anterior, na que a SXPL presentou a orde de subvencións definitiva (o día anterior da súa publicación no *DOG*), a orde de creación da Rede e a súa imaxe corporativa. Nese momento, desde a CTNL constatamos que moitas das propostas e criterios básicos defendidos pola CTNL e acordados no grupo non se tiñan en conta por parte da SXPL e que o grupo traballo deixou de cumprir a súa función, polo que o demos por concluído.

CTNL, 26 de abril de 2010